



O blogomillo: un espazo para a nosa lingua na Rede

Pedro SILVA

Blogues literarios, persoais, de política ou de nicho. Todos eles conforman as categorías nas que se agrupan os blogues que conforman o blogomillo: un microuniverso de bitácoras en galego que cobrou vida en blogaliza.org, o principal servizo de hosting gratuito de blogues escritos en galego.



Internet non é só unha rede física, un conxunto de pontes de fibra óptica que dormen no fondo oceánico e servidores que linzan o mundo: tamén son as ferramentas que temos nela. No mundo dixital o código é a lei segundo Lessing, ou poesía a dicir dos hackers de WordPress. Despois dos intentos de finais dos 90 de reproducir as canles de comunicación do mundo analóxico, e visto o seu fracaso, comezaron a agromar outras ferramentas. Foi o comezo dos blogs. Xa non era preciso ter coñecementos técnicos de ningún tipo para poder publicar contidos na Rede. Era posible establecer espazos de conversa, nodos dunha identidade dixital, sen máis orzamento que o tempo dedicado. Ou sexa, a custe cero.

No rebumbio daqueles días, caótico coma unha feira, as subredes organizáronse de seu, por semellanza, por motivación, igual que a auga atopa o camiño máis sinxelo na pendente, seguindo os vieiros do mínimo esforzo. Entón o idioma foi unha ponte, e unha cancela. Unha necesidade, como expresión do pensamento,

como software co que traballa a mente. Pero tamén un vínculo, como vehículo da conversa. E xurdiron blogs en galego, dende os primeiros días da ferramenta, coa naturalidade que o medio esta afeito a dar a calquera outro experimento. E fóronse recoñecendo entre eles, os primeiros chegados. E formulouse a idea de referenciar, de levar conta deles. E así naceu o blogomillo.

Foi un parto froito da lóxica da rede que cobrou forma nun lugar, blogaliza.org, pero podía igualmente ter xurdido noutros. Alí un pequeno grupo de voluntarios comezou a facer unha lista cos blogs que ían aparecendo pola rede, avistados por outros, ou segundo a vella costume de se presentar no faladoiro herdado da netiqueta que os recentemente chegados adoptaron como propia. Despois viñeron os servizos nos que traballar cunha ferramenta en galego e, só un chisco antes, comezou o crecemento explosivo, levados os ánimos pola actualidade da rúa, e do mar.

O blogue é en esencia unha ferramenta persoal. Unha persoa, un voto: unha voz, un blogue. E, como tal, segundo pasa o tempo vaise amosando coma unha estratigrafía do falado: as anotacións vellas ao fondo, as novas na superficie. Unha identidade dixital ben máis complexa que os bonecos 3D que os fans dos Avatares parecen arelar. Unha identidade complexa afeitada á interacción, ao intercambio de pareceres, unha república de palabras. A fin de contas, unha tasca, un espazo no que botar uns chats, ou uns chats.

As blogosferas, como case todos os fenómenos non planificados en internet, non están asociadas aos territorios dos vellos estados-nación. Máis ben afanse ás fronteiras naturais do sinxelo, á lingua que os interlocutores entenden. Eis que a blogosfera en galego sexa un fenómeno global. Hoxe en día sabemos da existencia de máis de 9.000 blogs en galego. Créanse, medran e morren a cotío.

Se fixéramos unha comparación do potencial da nosa lingua, do número de falantes que ten no mundo, coas blogosferas de linguas máis habitadas, poderíamos apreciar a forza do blogomillo: a forza da presenza do galego en internet. Hai ben pouco xurdiu no Twitter, ese xestor centralizado de mensaxes curtas agrupadas por axenda de contactos, o dato de que o galego ocupada a posición vixésimo segunda das máis usadas. A nosa lingua ten unha saúde excepcional na Rede, moito mellor da que ten no mundo real, posiblemente.

Pero na Rede existen outras métricas. Nun intento de clasificar as webs todas emprégase a medida da relevancia. A variable é un cálculo que depende do número de ligazóns dirixidas cara á páxina en cuestión, e atópase na base dos algoritmos empregados por Google para indexar a Rede: as páxinas máis relevantes serían as que saen máis arriba nas procuras do buscador. Pero a medida da relevancia non nos di nada sobre as relacións, as cartografías desta mesta rede de conversas que é o blogomillo, calquera blogosfera, en realidade. Se quixéramos facer mapas do blogomillo, ou máis que mapas, fotografías de estado dun intre dado, teríamos que ter en conta non só as ligazóns entre blogs, senón tamén a conversa: onde se fala, e que camiños seguen os diálogos. Onde xorden os fíos, e onde se tecen. Cada blogue, un nodo, cada nodo unhas liñas de tensión. Tan importante é coñecer a dirección, coma o sentido.



Para ilustrar a diversidade do blogomillo, achegamos de seguir unha escolma de blogues en galego. Como calquera outra escolma posible ten que ser moi incompleta. E moi persoal. Agrupamos en catro categorías polo valor referencial que poden ter, como exemplo de experimentos que están a ter un éxito razoable, de sementeiras prósperas, de mercados florecentes. Dentro de cada grupo, escollemos unha serie de blogues que polo común provocan debate, ou amosan contidos que doutra forma quedarían agochados, ou ilustran técnicas de traballo especialmente eficientes na difusión, no asentamento dunha identidade persoal dixital. O visitante interesado, o turista accidental neste mundo de praias de area dixital pode dar cunha clasificación temática, xeográfica e por termos clave na sección dedicada ao blogomillo na web de referencia sobre os blogues en galego: blogaliza.org/blogomillo.

a) blogues literarios

Sendo a palabra escrita a urdime sobre a que xorde o fenómeno do blogomillo, non podía ser doutra forma: temos unha extensa e viva comunidade de blogueiros relacionados co emprego destilado dela. Blogues de autores, de editores, de críticos, de lectores...

xmeyre.blogaliza.org
cabrafanadablog.blogspot.com
olevantadordeminas.blogaliza.org

b) blogues persoais

Individualidades que non é sinxelo englobar dentro dos demais epígrafes, pero que pola traza, polo tempo e polo esforzo xa destacaron entre o conxunto. Cada un deles tería que ser explicado en detalle para ser presentado minimamente. Son fogares densos, complexos como a personalidade dos seus autores.

manuelgago.org/blog
apocalipsedoporco.blogaliza.org
leoesseus.blogspot.com

c) blogues de política

Centrados na reivindicación, na defensa de valores ideolóxicos, comezaron sendo un dos puntais dos primeiros días do blogomillo, nos que o medio era unha vía de escape para moitas voces que non atopaban outras canles para expresarse, pero pronto



chegaron a normalizarse, sendo expresión de todas as vertentes ideolóxicas dunha sociedade plural.


psoevaladouro.blogspot.com
jacobomoreira.blogspot.com
bngargentina.blogspot.com

d) blogues de nicho

O comezo de moitas das comunidades de conversa en internet pódese seguir dende o tempo dos blogues noutros períodos anteriores, cando as listas de correo eran un espazo de conversa universal, e incluso antes, nas newsgroups dos primeiros tempos de internet, ou nos fíos das BBS dos primeiros 90. Activistas de múltiples campos: deportes, voluntariado, afeccións...

toniocalastro.wordpress.com
implicadas.blogspot.com
lnsur.wordpress.com

Todo o dito, e vista a evolución crecente da Rede como canle universal e ubicua (sobre todo dende a universalización dos dispositivos móbiles de man), fainos ser optimistas sobre o futuro inmediato da nosa lingua na Rede. A Rede expándese, e se pode ser observable un blogomillo cada vez máis relativamente pequeno, en termos absolutos medra. Máis blogues, máis persoas, máis conversa, máis proxectos. Quedou ben patente a capacidade de acción da ferramenta, a potencialidade que fornece como espiña dorsal dunha identidade dixital que perdure no tempo, e como mil outros empregos que aínda non dimos descuberto.

Restaría botarse ao mar e facer un blogue. A dúbida é frecuente: por onde comezar? O consello non pode ser outro: botarlle unha ollada ás diferentes ferramentas, e na que máis agradable nos pareza, comezar a facer probas. As limitacións dunha e doutras son semellantes, e as posibilidades están igualadas no básico. E a estas alturas da película, todas se nos presentan en galego, se queremos: blogger.com, wordpress.com, blogaliza.org, blogoteca.com... temos surtido onde escoller. É preciso botarlle un chisco de tempo, achegarnos á ferramenta, comezar a fedellar nela, e xogar coas posibilidades do medio. Cadaquén ao seu ritmo. Pasen e vexan: o futuro estámo-lo a facer entre todos. Vostede tamén. 

Pedro Silva é administrador de Blogaliza.